



ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN RELATIVA AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS REFERIDAS AOS RESULTADOS DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO DE SELECCIÓN DE EDUCADOR/A SOCIAL DO CONCELLO DA LARACHA.

A Laracha, a 27 de xullo do 2022.

Á vista das alegacións presentadas referidas aos resultados do primeiro exercicio (exame tipo test), reúnen no Salón de Plenos da Casa Consistorial, ás 09:00 horas, os integrantes do Tribunal cualificador, para a revisión das mesmas, acordando o Tribunal o seguinte:

MOURELOS PALACIOS, ALEJANDRA:

A aspirante solicita a "revisión da súa puntuación/corrección do seu exame". Revisada a puntuación da aspirante do exame tipo test, advírtese erro aritmético na suma das respostas correctas, e procédese á súa corrección en virtude do previsto no art. 109 da Lei 39/2015, LPCA, resultando o seguinte:

- respostas correctas: 24
- respostas incorrectas: 14
- non contestadas: 2

Sendo a valoración de 0.5 para as respostas correctas e restando 0.25 as incorrectas a puntuación obtida no exame tipo tes é de 8.5 e non de 10.5, co cal a aspirante **NON** superaría o exame tipo test.

SIO DOCAMPO, MAITE:

A aspirante solicita a revisión da puntuación outorgada. Acórdase estimar a alegación e facer a corrección.

Nota exame tipo test: 14,75 puntos.

Á vista do anterior, acordase modificar as puntuacións das seguintes aspirantes:

NOME E APELIDOS	DNI	NOTA EXAME
MOURELOS PALACIOS, ALEJANDRA	***4937**	NON APTA
SIO DOCAMPO, MAITE	***1080**	14,75

E non sendo outro o obxecto da presente, dase por rematado o acto sendo as 12:00 horas, asinando os membros do Tribunal dixitalmente á marxe.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

